

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 15 de novembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María Florinda García Hermida

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 23 de novembro de 2022 (RE-E núm. 583), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA FLORINDA GARCÍA HERMIDA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	INSTALACIONES INDUSTRIALES Y CONSTRUCCIÓN LUIS MIGUEL S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO BAIXO CUBERTA
SITUACIÓN	TORREVELLA NÚM. 8
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 3 (EDIFICACIÓN MIXTA)
REFª CATASTRAL INMOBLE	002200800NH82D0001GS
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (estudo técnico asinado polo arquitecto Don Luís Fernández Fernández, en data 22/12/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	7.500,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 19/11/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o concelleiro Sr. Lamazares Casero auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nela a causa de abstención establecida no artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2023

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 1 de agosto de corrente, aprobouse a convocatoria e as bases específicas

para a concesión de subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2023.

2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 155, correspondente ao día 11 de agosto de 2023.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Torresmada de San Xoán	15/09/23	E – 518
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Virxe da Ascensión	18/09/23	E – 521
ASOCIACIÓN UNIÓN PARROQUIAL DA PORTELA	████████	Excursión ao Grove	25/08/23	E – 487
ASOCIACIÓN UNIÓN PARROQUIAL DA PORTELA	████████	Magosto	14/09/23	E – 514
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Curso de tapicería	18/09/23	E – 522
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Curso de manualidades	18/09/23	E – 522
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Magosto	18/09/23	E – 522
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión a Madrid	18/09/23	E – 522
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Cea fin de ano	18/09/23	E – 522
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita a León	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sardiñada	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Camiño de Santiago	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Cocido tradicional	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita a Aveiro	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Magosto	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita a Ferreira de Pantón e balneario	19/09/23	E – 524
ASOCIACIÓN CAMBA SUSTENTABLE	████████	Festa da Fartura	20/09/23	E – 529
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	████████	Excursión Kambota	21/09/23	E – 534
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	████████	Proxección de cine	21/09/23	E – 534
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	████████	Proba Indoor	21/09/23	E – 534

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriúselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes, agás o remitido á Asociación de

mulleres rurais Virxen do Faro en relación a actividade solicitada para “*cea fin de ano*”.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria e de conformidade co informe emitido pola concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz en data 20/11/23, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Excluir a solicitude presentada pola Asociación de mulleres rurais Virxen do Faro para a actividade “*cea fin de ano*”, ao non atender o requirimento de emenda de documentación.

Segundo.- Admitir as restantes solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Terceiro.- Conceder subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2023 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Torresmada de San Xoán	1.079,26 €	882,60 €
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA	████████	Virxe da Ascensión	1.452,00 €	950,00 €
ASOCIACIÓN UNIÓN PARROQUIAL DA PORTELA	████████	Excursión ao Grove	1.890,00 €	350,00 €
ASOCIACIÓN UNIÓN PARROQUIAL DA PORTELA	████████	Magosto	645,95 €	300,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Curso de tapicería	700,00 €	560,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Curso de manualidades	816,75 €	653,40 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Magosto	400,00 €	300,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO	████████	Excursión a Madrid	3.240,00 €	1.000,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita a León	608,00 €	608,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Sardiñada	285,92 €	250,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Camiño de Santiago	1.880,00 €	1.752,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Cocido tradicional	545,29 €	350,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Visita a Aveiro	760,00 €	700,00 €
ASOCIACIÓN EMECLA	████████	Magosto	480,00 €	300,00 €

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN EMECLA	██████	Visita a Ferreira de Pantón e balneario	904,00 €	904,00 €
ASOCIACIÓN CAMBA SUSTENTABLE	██████	Festa da Fartura	2.500,00 €	2.500,00 €
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	██████	Excursión Kambota	640,00 €	640,00 €
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	██████	Proxección de cine	800,00 €	800,00 €
ASOCIACIÓN MOCIDADE KAMBOTA	██████	Proba Indoor	1.200,00 €	1.200,00 €

Rematado o debate e votación do anterior punto da Orde do día, reincorpórase á sesión o concelleiro Sr. Lamazares Casero.

4.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE I”, INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024

ANTECEDENTES

1º.- Con data 13 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE I”, incluído no Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 27 de outubro de 2023, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en tres (3) semanas, contadas a partires do día seguinte da sinatura de dito documento.

3º.- En data 17 de novembro do corrente (RE-E núm. 678), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 17/11/23, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha prórroga, ata o día 1 de decembro de 2023, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE I”*, incluída no Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

De conformidade coas Bases e Baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro do corrente, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos tres (3) postos de traballo inicialmente ofertados (RS núm. 691, do 03/11/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatas:

Auxiliar do SAF tempo completo (oferta núm. [REDACTED])

- Crespo López, Consuelo
- Lavandeira Arán, Paula

Auxiliar do SAF tempo parcial (oferta núm. [REDACTED])

- Crespo López, Consuelo
- Mayorga Quintero, Dione Alejandra

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

Auxiliar do SAF tempo completo

- Lavandeira Arán, Paula (RE núm. 1850, do 15/11/23)
- Crespo López, Consuelo (RE núm. 1853, do 16/11/23)

Auxiliar do SAF tempo parcial

- Crespo López, Consuelo (RE núm. 1853, do 16/11/23)

Por Resolución da Alcaldía de data 21 de novembro do corrente aprobouse a listaxe definitiva de candidatas admitidas.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

Auxiliar do SAF tempo completo

CANDIDATA	CURSOS DE FORMACIÓN	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
Paula Lavandeira Arán	0,15	0,90	1,05
Consuelo Crespo López	0,00	0,60	0,60

Auxiliar do SAF tempo parcial

CANDIDATA	CURSOS DE FORMACIÓN	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
Consuelo Crespo López	0,00	0,60	0,60

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de circunstancias da produción, por un período máximo de seis meses, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Auxiliar do SAF tempo completo

NOME E APELIDOS	DNI
PAULA LAVANDEIRA ARÁN	██████████
CONSUELO CRESPO LÓPEZ	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ

VISTA a solicitude presentada por Don Alicia García Prieto (RE núm. 1858, do 16/11/23), e a proposta de resolución emitida con data 21/11/23 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don ALICIO GARCÍA PRIETO, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar de Espasante, parroquia do Salto.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 371,74 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A/1573, 23A/1574 e 23A/1575 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 373,89 €
Por traballo de impresión das papeletas das candidaturas ás Eleccións Locais 2023, s/factura núm. 23256 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA77V0001087, TA77V0001104 e TA77V0001105 (FACe).
- SILVIA GRANJA PEREIRA 29,00 €
Por adquisición dun calefactor para as oficinas da Casa do Concello, s/factura núm. 62/23.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 926,80 €
Por taxa polo servizo de recollida de animais abandonados no ano 2023, s/cargo.
- PENELA S.C. 1.814,97 €
Por subministro de equipamento para instalacións deportivas municipais, s/factura núm. 30.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)